



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 3

Réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios

Submedida 3.2

**Apoio ás actividades de información e
promoción realizadas por grupos de
produtores no mercado interior**



Índice

<u>1. Medida 3. Réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios</u>	2
<u>1.1. Submedida 3.2 Apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior</u>	2
<u>1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?</u>	2
<u>1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?</u>	3
<u>1.1.3. Como se outorga a axuda?</u>	4
<u>1.1.4. Que tipo de gastos se financian?</u>	4
<u>1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	4
<u>1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	5
<u>1.1.7. A canto ascende esta axuda?</u>	5
<u>1.1.8. Quen xestiona esta axuda?</u>	6
<u>1.1.9. Marco normativo</u>	6
<u>1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados</u>	7

1. Medida 3. Réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios

O fin desta medida é o de incrementar a participación real dos produtores agroalimentarios galegos e dos seus produtos na cadea alimentaria. Para iso, preténdese incorporar prácticas de mercado innovadoras, ofrecer produtos de calidade diferenciada, fomentar o fortalecemento do tecido asociativo, apoiar as canles curtas de distribución e impulsar o comercio electrónico. Fomentárase a participación dos agricultores en réximes de calidade recoñecidos por norma comunitaria ou polos Estados membros coas prescricións do artigo 16.1 do Regulamento (UE) 1305/2013, así como a promoción no mercado de produtos incluídos nestes réximes.

Esta axuda artículase a través de dúas submedidas:

- ✓ Submedida 3.1 Apoio á nova participación en réximes de calidade
- ✓ Submedida 3.2 Apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior
- ✓

1.1. Submedida 3.2 Apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior

A información e a promoción dos produtos supoñen un importante labor para a introdución dos produtos nos mercados e a mellora da comercialización. É por iso, que se pon en marcha esta submedida co obxectivo de incentivar e apoiar as actividades de promoción dos devanditos produtos agroalimentarios galegos.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

No marco desta axuda fináncianse os custos derivados das actividades de información e promoción levadas a cabo por grupos de produtores no mercado interior, en relación con produtos cubertos por un réxime de calidade dos apoiados na submedida 3.1:

- ✓ Réximes de calidade, actualmente vixentes en Galicia, dos produtos agrícolas ou alimentarios establecidos pola normativa da Unión
 - Viños das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas: Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei, Ribeira Sacra, Betanzos, Val do Miño-Ourense, Barbanza e Iria.
 - Bebidas espirituosas das indicacións xeográficas: Augardente de Galicia, Licor de herbas de Galicia, Licor café de Galicia, Augardente de herbas de Galicia.
 - Queixos das denominacións de orixe protexidas: Queixo tetilla, San Simón da



Costa, Cebreiro, Arzúa-Ulloa.

- Carnes da indicación xeográfica protexida Tenreira Galega
 - Carnes da indicación xeográfica protexida Capón de Vilalba
 - Produtos cárnicos da indicación xeográfica protexida Lacón Galego
 - Meles da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia/Miel de Galicia
 - Froitas e hortalizas das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas: Pataca de Galicia/Patata de Galicia, Faba de Lourenzán, Castaña de Galicia, Pemento do Couto, Pemento de Oímbra, Pemento da Arnoia, Pemento de Herbón, Pemento de Mougán, Grelos de Galicia.
 - Produtos de panadería e pastelería das indicacións xeográficas protexidas: Pan de Cea e Tarta de Santiago
 - Produtos de Agricultura Ecolóxica de Galicia
 - Produtos agrícolas e alimenticios con recoñecemento de especialidade tradicional garantida
 - Viños da indicación xeográfica protexida: Ribeiras do Morrazo
- ✓ Réximes de calidade, nacionais ou autonómicos, conforme ao artigo 16.1. b) do Regulamento (UE) N° 1305/2013 (actualmente con "protección nacional transitoria")
- Carnes da indicación xeográfica protexida Vaca Galega e Boi Galego/Vaca Gallega y Buey Gallego
- ✓ A promoción, que terá o obxectivo de incentivar aos consumidores, resaltarán as características ou vantaxes específicas dos produtos, especialmente no relativo á calidade, métodos de produción específicos, normas de benestar animal e respecto polo medio ambiente.
- ✓ Exclúense destas axudas a promoción de marcas comerciais.
- ✓ As axudas só estarán dispoñibles para agrupacións de produtores, que deberán ter personalidade xurídica propia.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Serán beneficiarias destas axudas as agrupacións que, baixo calquera fórmula xurídica, reúnan a produtores (entendidos como tales os titulares de explotacións agrarias ou de instalacións de transformación) que participen nun réxime de calidade susceptible de apoio pola submedida (3.1), para accións de promoción no mercado interior relacionadas con produtos cubertos por algún deses réximes.



1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda artículase mediante a convocatoria pública de bases reguladoras en concorrencia competitiva e concederase como subvención outorgada sobre unha porcentaxe dos gastos elixibles realizados.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Serán subvencionables os gastos relacionados con accións destinadas a chamar a atención sobre as características ou vantaxes específicas dos devanditos produtos, especialmente no relativo á calidade, os métodos de produción específicos, as normas de benestar animal e o respecto polo medio ambiente vinculados ao programa de calidade en cuestión e as destinadas a inducir aos consumidores para comprar os produtos cubertos por un réxime de calidade.

Para a consecución destes fins, en particular no relativo a inducir aos consumidores a comprar os produtos de calidade obxecto da medida, serán subvencionables os gastos relativos á realización e execución de campañas publicitarias nos distintos medios de comunicación e outras accións de promoción, como misións comerciais, misións comerciais inversas, catas comentadas, degustacións, presentacións públicas ou accións publicitarias nos puntos de venda; a participación en feiras e exposicións do sector agrario e agroalimentario, así como a organización dos devanditos eventos; e os estudos de mercado relacionados directamente con campañas de promoción e os de avaliación do impacto destas sobre os consumidores e sobre a comercialización dos produtos incluídos nalgún réxime de calidade.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Establécense algunhas condicións sobre os produtos e as accións para aprobar a súa elixibilidade:

- ✓ Só serán financiáveis as actuacións de promoción no mercado interior e sempre que non inclúan marcas comerciais nin que inciten ao consumidor a comprar un produto só pola súa orixe particular, fóra dos produtos cubertos polos réximes de calidade establecidos por:
 - O título II do Regulamento (UE) 1151/2012: Denominacións de orixe protexida e Indicacións xeográficas protexidas
 - Parte II, título II, capítulo I, sección 2, do Regulamento (UE) 1308/2013: Denominacións de orixe, indicacións xeográficas, termos tradicionais no sector vitivinícola
 - Capítulo III do Regulamento (CE) 110/2008: indicacións xeográficas
 - Capítulo III do Regulamento (UE) 251/2014: indicacións xeográficas



- ✓ Non obstante, poderase indicar a orixe dun produto sempre que a indicación da orixe quede subordinada á mensaxe principal.
- ✓ No caso de que as actividades referidas, concirnan a un produto incluído nun réxime de calidade referido no epígrafe das actuacións que se financian (artigo 16.1 a) do Regulamento (UE) 1305/2013), o logotipo comunitario previsto en virtude dos devanditos réximes aparecerá no material informativo, promocional ou publicitario.
- ✓ No caso de accións de promoción e información de viños, viños aromatizados e bebidas espirituosas, ha de facerse clara referencia ás esixencias legais e regulamentarias aplicables ao consumo responsable destas bebidas e ao risco do abuso de consumo de alcol.
- ✓ As actividades de información e promoción subvencionadas ao amparo do Regulamento (CE) 2826/2000 non poderán optar ás axudas previstas na presente medida.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes.

En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. Os criterios poderán referirse, entre outros:

- ✓ Peso relativo da agrupación solicitante no sector do produto do que se trate
- ✓ Vinculación á produción ecolóxica
- ✓ Vinculación a zonas de montaña
- ✓ Relación custo da acción/valor de mercado da produción dos membros da agrupación
- ✓ Amplitude do ámbito territorial de difusión das accións
- ✓ Preferencia a accións conxuntas de divulgación de varios esquemas de calidade e a programas de máis recente creación

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

As axudas que alcancen o limiar mínimo de puntos derivados da aplicación dos criterios de selección establecidos serán ordenadas de maior a menor puntuación. A porcentaxe de axuda a conceder establecerase en función da puntuación obtida (maior porcentaxe a maior



puntuación) e do orzamento dispoñible na convocatoria de axudas, conforme á seguinte puntuación:

- ✓ menos de 15 puntos: 30%
- ✓ entre 15 e 19 puntos: 40%
- ✓ entre 20 e 24 puntos: 50%
- ✓ entre 25 e 29 puntos: 60%
- ✓ 30 ou máis puntos: 70%

Se o orzamento dispoñible non é suficiente para conceder axuda a todas as solicitudes que obteñan o limiar mínimo de puntos, serán excluídas da axuda as solicitudes que teñan menor puntuación.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Artigo 16 do Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2017 polo que se modifican os Regulamentos (UE) N° 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia



- ✓ Real Decreto 1335/2011, do 3 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas no rexistro comunitario e a oposición a elas
- ✓ Lei 6/2015, do 12 de maio, de Denominacións de Orixe e Indicacións Xeográficas Protexidas de ámbito territorial supraautonómico

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Información sobre produtos galegos de calidade diferenciada (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.es/areas/alimentacion/productos_de_calidade
- ✓ Información sobre calidade diferenciada a nivel nacional (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
<http://www.mapama.gob.es/es/alimentacion/temas/calidad-agroalimentaria/calidad-diferenciada/>
http://www.alimentacion.es/es/calidad_diferenciada/
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.3.3.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

